

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROTEXEMENTE: Programa de Protección e Prevención en Saúde Mental Infantil con Intervención Temperá para Nenos

Entidade executante

Fundación Educativa e Social Dignidade(<https://www.dignidade.es/web/es/>)

Persoas destinatarias

Menores e adolescentes en centros de protección de menores e reforma xuvenil da Fundación Educativa e Social Dignidade.

Obxectivos

Xeral: Mellorar a Saúde Mental e benestar emocional dos menores e adolescentes que se atopan en centros de protección de menores e reforma xuvenil dos recursos da Fundación Educativa e Social Dignidade a través dunha intervención psicolóxica precoz e coordinada cos servizos sanitarios.

Metodoloxía

A metodoloxía será de carácter presencial con obradoiros e seminarios de supervisión e espazos participativos de aprendizaxe e intercambio de experiencias, así como un acompañamento próximo por parte do persoal educativo.